

# **PLAN ESTRATEXICO DA FACULTADE DE SOCIOLOXIA PARA O PERIODO 2015-2020**

Aprobado en Xunta de Facultade, sesión do 20 de Xaneiro de 2015

## **MISIÓN E VISIÓN DA FACULTADE**

### **MISIÓN**

A misión da Facultade de Socioloxía é, por unha banda, a formación duns profesionais da socioloxía cualificados, críticos, comprometidos, democráticos, cooperativos e solidarios, capaces de analizar a realidade social, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. Por outra banda, tamén forma parte da súa misión ofrecerlle á sociedade da que depende, e ante a que ten que responder, o coñecemento que obtén do seu estudo científico, de xeito que se poda contribuir ao seu desenvolvemento e a acadar unha cidadanía máis culta e libre.

Máis en concreto, son funcións da Facultade de Socioloxía ao servizo da sociedade:

1. Promover a creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica do coñecemento científico da realidade social xerada pola comunidade do centro.
2. A preparación dos e das estudantes para o exercicio da actividade profesional que esixe a aplicación de métodos e coñecementos sociolóxicos.
3. A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento social, especialmente do noso contorno máis próximo.

### **VISIÓN**

No 2020 a Facultade de Socioloxía quere ser un centro docente e de investigación sociolóxica de referencia en España. Para isto, aspira a ter:

- Unha oferta formativa ampla, diversa e de calidade, con estudos formais (de grao, mestrado e doutoramento) e actividades de extensión universitaria, axeitada ás necesidades do contorno social, atenta á demanda do mercado profesional e vinculada a outras ofertas de carácter internacional.

- Unha demanda de acceso á/ás titulacións impartidas cuantitativamente axeitada e cualificada, con estudantes altamente motivados por aprender e pór en práctica as competencias adquiridas
- Docentes con coñecemento actualizado de que é o que se ensina e como se fai noutros centros para proporcionar a mellor formación posible aos estudantes e que manteñen entre si un elevado grao de integración e coordinación docente.
- Investigadores que obteñen coñecemento científico relevante dos fenómenos sociais e son quen de difundilo nas canles académicas máis prestixiosas e tamén e de divulgalo ao resto da sociedade.
- Un alto nivel de mobilidade internacional e nacional tanto a nivel de estudantes como de profesorado e de investigadores.
- Un alto grao de compromiso e responsabilidade social e medio ambiental, de xeito que xestione os seus recursos con eficacia, eficiencia, equidade e transparencia, e que proporcione elevados niveis de benestar aos seus usuarios e traballadores.

## **VALORES**

A Facultade de Socioloxía, como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexerese polos seguintes valores e principios:

- A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e, así mesmo, mediante a defensa ao acceso universal á universidade e o fomento dunha cultura de non discriminación.
- O esforzo das persoas como aspecto clave do progreso e do desenvolvemento individual, como a coordinación de vontades e capacidades persoais orientada á resolución de problemas, á superación de conflitos e á consecución dos obxectivos colectivos orientados ao interese común.
- A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade da Facultade no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.
- O compromiso e a responsabilidade social para contribuír activamente á mellora do sistema sociocultural do noso contorno e implicarnos na xeración de coñecemento e benestar para o conxunto da sociedade e, máis concretamente, de Galicia.
- O respecto ao medio ambiente como Facultade socialmente responsable, xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.
- A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.
- A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.
- A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.

# **INDICADORES**

# **ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE**

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de ordenación académica		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA1.1 Graduación.</b> Taxa de graduación igual ou superior ao 25% en 2015 e 30% en 2020.		
<b>Valor inicial</b>	0,29		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>		<b>Meta do centro 2015: 0,29</b>	META UDC: >0,25
<b>Media ponderada UDC</b>		<b>Meta do centro 2020: &gt;0,3</b>	META UDC: >0,3
<b>Valoración relativa:</b> Por riba da media da UDC. (Rama: 23,59; UdC: 27,31)			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Constitúe unha fortaleza do centro, mais aínda podería mellorar</p> <p>Estreitamente relacionada coa taxa de abandono, moi posiblemente débese á elevada matrícula de 1º curso dos últimos anos. Inicialmente estaba prevista na memoria do título un nº de 60 prazas. Porén, a recomendación da Reitoría foi aumentar esta cantidade polo que (xunto coa intención de reducir os trámites burocráticos que o establecemento de límite de prazas incorpora de seu) dende o curso 2009-2010 eliminouse o límite de prazas. Posteriormente, no curso 2011-2012, estableceuse un límite de 95 prazas. Isto fai que o título convírtase nunha opción dende a que acceder en segundo curso a outras titulacións máis prioritarias.</p> <p>Por outra banda, a percepción subxectiva do alumnado da dificultade do TFG fai que lle adique máis tempo do que probablemente sexa necesario (en xuño de 2013 poderían terse defendidos un 37% máis de TFG dos que se presentaron finalmente; un 17% dos da primeira promoción, 2 de 12, retrasou un ano a súa presentación; un 16% dos matriculados na segunda promoción, 4 de 25, non os presentou en ningunha das convocatorias de xuño-setembro-febreiro).</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Hai causas externas que poden explicar o retraso consciente do alumnado en rematar a carreira: as dificultades para acceder ao emprego na actualidade, a posibilidade de disfrutar dunha bolsa Erasmus no último ano de carreira, etc. poden estar incentivando o retraso consciente do egreso.</p>			
<b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a			

súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).

Constitue unha fortaleza do centro, e aínda podería mellorar.

O feito dunha matrícula en 1º curso moi superior á demanda real (entendida como matrícula en 2º curso) é o factor determinante para que a taxa de graduación non mellore aínda máis. Por outra banda, manter unha matrícula elevada en 1º curso significa que hai moitos estudantes que, tendo previsto abandonar Socioloxía no 2º curso, fiquen na titulación porque unha vez coñecida lles guste a carreira.

Este indicador melloraría no caso de poder facer unha mellor selección do alumnado ou, polo menos, de que o alumnado que se matriculara no Grao o fixera tendo un maior coñecemento do que é a carreira. Neste senso, cómpre mellorar a información ofertada da titulación para o alumnado de novo ingreso, de xeito que a maior parte teña elixido Socioloxía como primeira opción.

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de ordenación académica		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA 1.2 Abandono.</b> Reducir de forma progresiva a taxa de abandono, ata alcanzar valores inferiores ao 15% en 2020, e ningunha titulación con valores superiores ao 25%		
<b>Valor inicial</b>	0,22		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	0,15	<b>Meta do centro 2015: 0,22</b>	META UDC:
<b>Media ponderada UDC</b>	0,23	<b>Meta do centro 2020: &lt;0,15</b>	META UDC: < 0,15
<b>Valoración relativa:</b> Por baixo da media da UDC. (Ano anterior: 33,33; Rama: 11,28; UdC: 11,35)			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Moi posiblemente débese á elevada matrícula de 1º curso dos últimos anos. Inicialmente estaba prevista na memoria do título un nº de 60 prazas. Porén, a recomendación da Reitoría foi aumentar esta cantidade polo que (xunto coa intención de reducir os trámites burocráticos que o establecemento de límite de prazas incorpora de seu) dende o curso 2009-2010 eliminouse o límite de prazas. Posteriormente, no curso 2011-2012, estableceuse un límite de 95 prazas. Isto fai que o título convírtase nunha opción dende a que acceder en segundo curso a outras titulacións máis prioritarias. Estímase que 1/3 do alumnado matriculado en 1º curso non se matricula en 2º.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>A valoración do valor do indicador non é sinxela, posto que manifesta tanto puntos febles como algunha fortaleza ou, cando menos, oportunidade. O feito dunha matrícula en 1º curso moi superior á demanda real (entendida como matrícula en 2º curso) é o factor determinante para unha taxa de graduación baixa e, en calquera caso, inferior á media da UdC (que, no seu conxunto, beneficiase precisamente da situación en Socioloxía, posto que o alumnado que abandona Socioloxía faino para matricularse noutras carreiras en boas condicións, con ECTS de formación básica que se lles poden recoñecer). Por outra banda, manter unha matrícula elevada en 1º curso significa que hai moitos estudantes que, tendo previsto abandonar Socioloxía no 2º curso, fiquen na</p>			

titulación porque unha vez coñecida lles guste a carreira.

Este indicador melloraría no caso de poder facer unha mellor selección do alumnado ou, polo menos, de que o alumnado que se matriculara no Grao o fixera tendo un maior coñecemento do que é a carreira. Neste senso, cómpre mellorar a información ofertada da titulación para o alumnado de novo ingreso, de xeito que a meirande parte teña elixido Socioloxía como primeira opción.



<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de ordenación académica		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA1.3 Eficiencia.</b> Manter valores da taxa media de eficiencia superiores ao 80%.		
<b>Valor inicial</b>	(curso 2012-13) 93,84		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>		<b>Meta do centro 2015: Manter</b>	META UDC: >80%
<b>Media ponderada UDC</b>		<b>Meta do centro 2020: Manter</b>	META UDC: >80%
<b>Valoración relativa:</b> Por baixo da media. Por riba do esixido. (Ano anterior: 93,84; Rama: 95,52; UdC: 96,64). Boa, pero mellorable.			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>O esforzo por mellorar a calidade docente deu os seus froitos.</p> <p>A calidade da información das Guías Docentes, xunto co esforzo de coordinación por cuadrimestres, as xornadas de titorización coletiva, a de presentación de materias optativas, etc. poden explicar o bo resultado deste indicador.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>As primeiras promocións de egresados tiñan, en liñas xerais, un maior nivel académico</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>É unha fortaleza, posiblemente debida (alomenos parcialmente) a causas coxunturais. É previsible que baixe no futuro, malia que non por debaixo da meta 2020.</p> <p>Cómpre manter as accións iniciadas con anteriores Planes estratéxicos e, na medida do posible, melloralas ou reforzalas. Detectar as materias que presentan mais dificultade e coñecer as causas.</p>			

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de ordenación académica		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA1.4 Éxito.</b> Manter valores da taxa de éxito superiores ao 80% ata 2020		
<b>Valor inicial</b>	0,88		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	0,83	<b>Meta do centro 2015: Manter</b>	META UDC: >0,8
<b>Media ponderada UDC</b>	0,83	<b>Meta do centro 2020: 0,9</b>	META UDC: >0,8
<b>Valoración relativa:</b> Por encima da media da UDC. (Ano anterior: 87,7; Rama: 85,2; UdC: 82,69). Moi boa.			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>O esforzo por mellorar a calidade docente deu os seus froitos.</p> <p>A calidade da información das Guías Docentes, xunto co esforzo de coordinación por cuadrimestres, as xornadas de titorización coletiva, a de presentación de materias optativas, etc. poden explicar o bo resultado deste indicador.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>As primeiras promocións de egresados tiñan, en liñas xerais, un maior nivel académico</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>É unha fortaleza, posiblemente debida (alomenos parcialmente) a causas coxunturais. É previsible que baixe no futuro, malia que non por debaixo da meta 2020.</p> <p>Cómpre manter as accións iniciadas con anteriores Planes estratéxicos e, na medida do posible, melloralas ou reforzalas. Detectar as materias que presentan mais dificultade e coñecer as causas.</p>			

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de calidade		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA1.5 Motivación.</b> Aumentar anualmente os niveis de motivación, medidos pola enquisa de satisfacción de estudantes, ata alcanzar niveis superiores a 6 en 2020.		
<b>Valor inicial</b>	5,22		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	5,31	<b>Meta do centro 2015: Manter</b>	META UDC:
<b>Media ponderada UDC</b>	5,2/7	<b>Meta do centro 2020: &gt; 6/7</b>	META UDC: > 6/7
<b>Valoración relativa:</b> Na media da UDC.			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>En xeral, as actuacións encamiñadas a mellorar a docencia mencionadas anteriormente (a calidade da información das Guías Docentes, a coordinación por cuatrimestres, as xornadas de titorización coletiva, de presentación de materias optativas, etc.) xunto coa comunicación (fluida) entre estudantes e Facultade, e os instrumentos de consulta habituais para recoller a opinión do estudiantado con respecto a diferentes cuestións da organización académica poden explicar a relativamente alta motivación dos estudantes pola carreira que están a cursar.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Non se aprecian influencias externas relevantes.</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>A motivación medida na actualidade, 5,22 puntos (nunha escala de 1 a 7) equivale a un 7,42 nunha escala de 10 puntos e o obxectivo para o 2020 é acadar un mínimo de 6 (sobre 7, un 8,5 sobre 10). Supónse que se podemos mellorar a docencia e a participación do estudiantado na vida académica da Facultade, seremos quen de mellorar ese 16% necesario para chegar ao 6 (sobre 7, un 8,5 sobre 10) establecido como meta para o 2020.</p> <p>Pero hai que ter en conta que o alumnado que participa nos procesos de avaliación está especialmente motivado para facelo. Isto significa que, de acadarse tamén o obxectivo do indicador DA1.6 (aumentar a participación do alumnado nos procesos de avaliación), é posible que o desempeño deste indicador se vexa afectado. Na medida que o</p>			

estudiantado que actualmente non participa nas avaliacións sexa tamén o que non asiste ás clases con regularidade e non fai moita vida académica na Facultade, as medidas que prevemos melloren a motivación non serán tan efectivas como esperamos.

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de calidade		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA1.6 Participación na avaliación.</b> Aumentar ata o 60% no ano 2020 a participación dos estudantes nos procesos de avaliación da satisfacción coa docencia recibida.		
<b>Valor inicial</b>	0,227		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	0,20	<b>Meta do centro 2015: 0,23</b>	META UDC:
<b>Media ponderada UDC</b>	0,19	<b>Meta do centro 2020: 0,6</b>	META UDC: 0,6
<b>Valoración relativa:</b> Por encima da media da UDC.			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>O tamaño da Facultade favorece unha relación fluída entre alumnado e profesorado. Cando se explica a necesidade de avaliar para mellorar os procesos docentes, a resposta do alumnado acostuma a ser boa, en termos relativos. Ademais, na Facultade optouse por pasar as enquisas de avaliación nos momentos en que os alumnos teñen que estar na aula, nos períodos de exames</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Non existe unha cultura da participación na universidade por parte do estudantado. Non só nos procesos de avaliación, senón tamén a participación electoral (elección de representantes de alumnos, de reitor, etc.) é moi baixa. Posiblemente porque non se perciben os efectos de devandita avaliación: un docente pode ser castigado nas avaliacións ano tras ano, o que non implica que ocorran necesariamente cambios na docencia.</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>Por todo o dito antes, o obxectivo de acadar unha participación mínima do 60% no 2020 parece difícil, malia partir de cifras mellores que a propia UdC no seu conxunto. Porén, pódese insistir na concienciación do alumnado a través das charlas institucionalizadas por curso, no PAT, etc.</p>			

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de calidade		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA1.7 Avaliación docente.</b> Alcanzar o 100% de profesorado avaliado polo procedemento de avaliación docente, e o 20% de profesorado con máxima valoración en 2020.		
<b>Valor inicial</b>	0,1		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	0,26	<b>Meta do centro 2015: 0,2</b>	META UDC:
<b>Media ponderada UDC</b>	0,25	<b>Meta do centro 2020: 1</b>	META UDC: 1
<b>Valoración relativa:</b> Moi por baixo da media da UDC.			
<b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)			
A escasa concienciación relativa a importancia que a avaliación docente ten.			
<b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)			
Os recentes cambios producidos na universidade incrementaron notablemente o nivel de traballo burocrático para o PDI Independentemente doutros trámites, o feito de ter que presentar o CV para diversas instancias administrativas (para acreditacións polas axencias de avaliación como a ACSUG ou a ANECA, para solicitudes de sexenios ante o CNEAI, mesmo o tradicional reconto para a memoria anual da produción científica para os departamentos e a Reitoría) pode explicar que non se realice esta avaliación cando non se lle ve (malia que o teña) un beneficio inmediato.			
<b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).			
É claramente unha debilidade. As medidas que poden ser postas en práctica son as mesmas que para o DA1.6: pódese insistir na concienciación do PDI e na información da súa utilidade.			

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 2</b>	Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de organización académica		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA 2.2 Prácticas.</b> Aumentar o número de alumnos presentados en materias de prácticas externas e practicum (excluídas estadias prácticas e estadias clínicas) sobre matriculados, até alcanzar o 10% en 2015, e o 15% en 2020.		
<b>Valor inicial</b>	10%		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>		<b>Meta do centro 2015: 10%</b>	META UDC: 10%
<b>Media ponderada UDC</b>		<b>Meta do centro 2020: 15%</b>	META UDC: 15%
<p><b>Valoración relativa:</b> (moi por baixo da media da UDC; por baixo da media; na media; por encima da media; moi por encima da media da UDC)</p> <p>Na media da UdC</p>			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>As prácticas son unha materia obrigatoria dos plans de estudo. Todos os estudantes teñen que matricularse nela</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p>			

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 3</b>	Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno		
<b>Responsable</b>	Vicedecano de organización académica		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA 3.3 Novos ingresos (grao).</b> Manter o nivel de matrícula de novo ingreso nas titulacións de grao, con ningunha titulación por baixo de 50 e 45 estudantes de novo ingreso nos campus da Coruña e Ferrol, respectivamente.		
<b>Valor inicial</b>	79 (curso 2012-13) e 92 (curso 2013-14)		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	120,1	<b>Meta do centro 2015: Manter</b>	META UDC: Manter
<b>Media ponderada UDC</b>		<b>Meta do centro 2020: Manter</b>	META UDC: Manter
<p><b>Valoración relativa:</b> (moi por baixo da media da UDC; por baixo da media; na media; por encima da media; moi por encima da media da UDC)</p> <p>A valoración é moi boa. Será moi difícil de manter posto que falamos de máximos case históricos.</p>			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>A Facultade estase a a promocionar nas visitas que a UdC ten programadas para estudantes de secundaria ao longo do curso, así como nas xornadas de promoción que anualmente organiza o Concello. Tamén publicítase en prensa e na súa web e responde a todo requerimento de información que se lle plantexa. Ademais de todo isto, hai que apuntar as causas que se explicaron no indicador DA1.1 (Socioloxía é un título que recolle moitos estudantes con outras preferencias e que abandonan no 2º curso).</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Ofertar un número de prazas maior do que fan noutros títulos provoca que algúns estudantes entren en Socioloxía coa intención de usala de pasarela ao título desexado.</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>No noso caso trátase de manter o nivel de matrícula actual (algo moi difícil, posto que estamos en máximos) pero conseguir que moitos dos que entran en 1º curso non abandonen en 2º. Isto pódese acadar a) cunha mellor información de xeito que o estudantado que acceda ao título teñan escollido en primeira opción; b) despertando o interese dos que non teñen socioloxía como primeira opción.</p>			



<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 3</b>	Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno		
<b>Responsable</b>	Decano		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>DA3.4 Novo ingreso (mestrado).</b> Incremento anual do número de estudantes de novo ingreso de máster, até superar os 1200 estudantes en 2020.		
<b>Valor inicial</b>	42		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	55,94	<b>Meta do centro 2015:</b> <b>Manter</b>	META UDC:
<b>Media ponderada UDC</b>		<b>Meta do centro 2020:</b> <b>Aumentar</b>	META UDC: 1200
<b>Valoración relativa:</b> Por debaixo da media da UdC.			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Na Facultade impartíanse 3 masters, un dos cales caeu por falta de matrícula. Estáse a traballar nun novo postgrado. A priori a existencia de 3 posgraos nun centro pequeno contribúe á dispersión do estudantado. Porén, a meirande parte dos estudantes dos mestrados non proveñen de socioloxía.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Incrementáronse moitísimo os requirimentos para a matriculación nos posgraos. Esta enténdese mellor se comparamos a situación tra-la reforma universitaria coa que había nos vellos plans: Os novos plans incrementaron enormemente as limitacións e trabas burocráticas. Se pensamos nos posgraos como o último ano das licenciaturas, significa que para poder matricularse en 5º curso de carreira téñense que dar os seguintes requisitos: A) ter todas as materias de 1º a 4º aprobadas; B) que unha materia de 4º, do segundo cuatrimestre, ten que ser a última en aprobar e non outra; C) que para matricularse nesta materia de 4º curso hai que ter todo o equivalente aos 3 primeiros cursos aprobados (1º e 2º completamente, ou ben, se queda algunha materia pendente destes cursos, case todo 3º e case todas do primeiro cuatrimestre de 4º); e D) que cada ano sexan un número mínimo de estudantes os que cumpran estes requisitos (nomeadamente 20, o 22% dos matriculados en 1º curso de socioloxía).</p> <p>Ademáis destas trabas burocráticas, o incremento no prezo das matrículas (e o maior custe dos posgraos), a crise, etc. pode estar influindo nunha menor demanda</p>			
<b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a			

súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).

Cómpre establecer unha coordinación entre os diferentes mestrados e a Facultade para aproveitar os medios do Centro de cara a coñecer os intereses e demandas dos estudantes propios, así como publicitar e captar estudantes doutros centros.

## **ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA**

<b>ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha produción científica de calidade		
<b>Responsable</b>	Decano e Director do Departamento		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>INV1.1 Produtividade científica.</b> Aumentar de forma progresiva ata 2020 a produción científica, para superar o valor de 1,3 artigos (ponderados cada un polo índice de impacto da publicación) por PDI doutor, publicados en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR.		
<b>Valor inicial</b>	0,036 (2012) y 0,041 (2013)		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	1,47	<b>Meta do centro 2015:</b> >Valor que anos anteriores	Meta UDC:
<b>Media ponderada UDC</b>	1,2	<b>Meta do centro 2020:</b> >Valor que anos anteriores	Meta UDC: 1,3
<p><b>Valoración relativa:</b> (moi por baixo da media da UDC; por baixo da media; na media; por encima da media; moi por encima da media da UDC)</p> <p>Moi por debaixo da media UDC. Posiblemente na media dos centros de CC.SS.</p> <p>Difícil de mellorar dado que a base de datos ISI/JCR non é moi apropiada para avaliar a produción en Ciencias Sociais, dado a súa inclinación ás ciencias naturais.</p>			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>É difícil que o baleirado da bd sexa completo, debido a fallos na catalogación (erros por nome-apellido, etc.), falta de referencia institucional, etc. É unha recompilación laboriosa e que implicaría a colaboración de todo o profesorado PDI se se quere asegurar unha mellora da cobertura.</p> <p>Ter unha elevada proporción de PDI doutores dificulta mellorar o indicador.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>A bd ISI/JCR baséase nas publicacións de dous grupos editoriais: Thompson Reuters e Elsevier. As liñas editoriais destes dous grupos están vinculadas á Empresa MacGraw Hill, polo que calquera publicación que poida ir contra os intereses desta empresa terá menos probabilidade de ser publicada. Obviamente nas áreas de Socioloxía, Políticas, Dereito, Relacións Internacionais, etc. é máis frecuente a existencia de estudos que poidan discrepar con eses intereses que noutras áreas.</p> <p>Separadamente diso, varias das revistas JCR cobran por publicar os artigos e recentemente empezaron a cobrar por enviar artigos á avaliación pre-publicación. A bd</p>			

ISI/JCR non facilita a procura por “autor”, é por número de revista.

**Conclusión:** (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).

Debilidade para o centro. Recomendar aos PDI doutores que en diante asinen con nome dous apelidos e que poñan sempre o seu filiación institucional (UDC).

Cómpre deseñar unha política de información ao PDI que mellore as súas opcións de publicaren en revistas de impacto

<b>ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha produción científica de calidade		
<b>Responsable</b>	Decano e Director do Departamento		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>INV1.2 Producción científica.</b> Incrementar un 20% o número de documentos anualmente recollidos en Scopus.		
<b>Valor inicial</b>	2011=2 2012=3 2013= 1 Procura propia (biblioteca)		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>		<b>Meta do centro 2015:</b> > valor anos anteriores	Meta UDC: > valor anos anteriores
<b>Media ponderada UDC</b>		<b>Meta do centro 2020:</b> > valor anos anteriores	Meta UDC: > valor anos anteriores
<p><b>Valoración relativa:</b> (moi por baixo da media da UDC; por baixo da media; na media; por encima da media; moi por encima da media da UDC)</p> <p><b>Descoñecida. Non hai datos de referencia (promedio da UDC).</b></p>			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>O mesmo que en INV1.1</p> <p>É difícil que o baleirado da bd sexa completo, debido a fallos na catalogación (erros por nome-apellido, etc.), falta de referencia institucional, etc.</p> <p>É unha recompilación laboriosa e que implicaría a colaboración de todo o profesorado PDI se se quere asegurar unha mellora da cobertura.</p> <p>Ter unha elevada proporción de PDI doutores dificulta mellorar o indicador.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>A bd SCOPUS recolle un maior número de editoriais que a JCR, polo que pode resultar máis apropiada para valorar a produción científica en disciplinas das CC.SS.</p> <p>A existencia de cinco equipos de investigación no centro posibilita a produción de artigos coa difusión dos resultados dos seus estudos, polo que nos convén que a bd sexa o máis ampla posible.</p> <p>Recomendamos como indicador substitutivo/comparable a INV1.1</p> <p>Cómpre deseñar unha política de información ao PDI que mellore as súas opcións de</p>			

publicaren en revistas de impacto

<b>ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha produción científica de calidade		
<b>Responsable</b>	Decano e Director do Departamento		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>NV1.3 Calidade da produción.</b> Aumentar anualmente o número de artigos en revistas incluídas en ISI Web of Knowledge dentro do terzo de impacto superior no campo da revista en que se publicou (cando a revista pertence a varios campos, considérase aquel no cal a súa posición é a máis alta).		
<b>Valor inicial</b>	2011=3 2012=6 2013=2 Procura propia (biblioteca)		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>		<b>Meta do centro 2015:</b> > valor anos anteriores	Meta UDC: > valor anos anteriores
<b>Media ponderada UDC</b>		<b>Meta do centro 2020:</b> > valor anos anteriores	Meta UDC: > valor anos anteriores
<p><b>Valoración relativa:</b> (moi por baixo da media da UDC; por baixo da media; na media; por encima da media; moi por encima da media da UDC)</p> <p><b>Descoñecida. Non hai datos de referencia (promedio da UDC).</b></p>			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>O mesmo que en INV1.1</p> <p>É difícil que o baleirado da bd sexa completo, debido a fallos na catalogación (erros por nome-apellido, etc.), falta de referencia institucional, etc.</p> <p>É unha recopilación laboriosa e que implicaría a colaboración de todo o profesorado PDI si quérese asegurar unha mellora da cobertura.</p> <p>Ter unha elevada proporción de PDI doutores dificulta mellorar o indicador.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>A bd ISI/WOK recolle un maior número de editoriais que a JCR, polo que pode resultar máis apropiada para valorar a produción científica en disciplinas das CC.SS.</p> <p>A existencia de cinco equipos de investigación no centro posibilita a produción de artigos coa difusión dos resultados dos seus estudos, polo que nos convén que a bd sexa o máis ampla posible.</p>			



Recomendamos como indicador sustitutivo/comparable a INV1.1

Cómpre deseñar unha política de información ao PDI que mellore as súas opcións de publicaren en revistas de impacto

<b>ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha produción científica de calidade		
<b>Responsable</b>	Decano e Director do Departamento		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>INV1.5 Sexenios.</b> Aumentar a proporción entre o número de sexenios de investigación obtidos polo PDI en condicións de solicitar sexenio e o número máximo de sexenios posibles, para alcanzar o 45% en 2015 e o 50% en 2020.		
<b>Valor inicial</b>	0,31 (2012) 0,33 (2013)		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>	0,30	<b>Meta do centro 2015:</b> 0,33	Meta UDC: 0,45
<b>Media ponderada UDC</b>	0,39	<b>Meta do centro 2020:</b> 0,45	Meta UDC: 0,50
<p><b>Valoración relativa:</b> (moi por baixo da media da UDC; por baixo da media; na media; por encima da media; moi por encima da media da UDC)</p> <p><b>Por encima da media sen ponderar da UDC</b></p>			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Ata 2012 o centro contou cunha alta proporción de PDI Doutores con sexenios, o que explica o alto valor do indicador.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Desde 2013 van causar baixa no centro un número de PDI que vai diminuír desproporcionadamente o total de sexenios do centro (cada un conta con máis de dous sexenios). Polo que será difícil mellorar o indicador antes de 2015.</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>Partimos dun bo nivel, pero será difícil melloralo. É posible que diminúa para 2015</p> <p>A presenza dos equipos de investigación propicia a posibilidade de que se consigan novos sexenios antes de 2020.</p>			

<b>ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha produción científica de calidade		
<b>Responsable</b>	Decano e Director do Departamento		
<b>Indicador do obxectivo</b>	<b>INV1.6 Doutoramento.</b> Incrementar a porcentaxe de programas de doutoramento con mención de calidade/selo de excelencia, ata alcanzar un mínimo do 35% no ano 2020.		
<b>Valor inicial</b>	0		
<b>Media UDC (sen ponderar)</b>		<b>Meta do centro 2015:</b> 0	Meta UDC:
<b>Media ponderada UDC</b>	0,289 (9 centros)	<b>Meta do centro 2020:</b> 0-1	Meta UDC: > 0.35 (> 12 centros)
<p><b>Valoración relativa:</b> (moi por baixo da media da UDC; por baixo da media; na media; por encima da media; moi por encima da media da UDC)</p> <p>Indicador da UDC. O único que se pode facer é ter ou non un programa de doutoramento con mención de "excelencia"</p>			
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>A facultade non conta actualmente cun programa de doutoramento.</p> <p>A facultade está en trámites para crear un doutoramento asociado á Facultade de Psicoloxía, prevese o seu comezo para o curso 2014-15.</p>			
<p><b>Causas externas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Os cambios de normativa dos últimos anos, especialmente con requisitos esixidos aos coordinadores e/ou participantes nos programas de doutoramento, dificultaron a continuidade dos programas que se viñan desenvolvendo.</p>			
<p><b>Conclusión:</b> (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).</p> <p>A pronta existencia dun programa de doutoramento posibilita que se consiga a mención de "excelencia".</p>			

<b>ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA</b>			
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha produción científica de calidade		
<p><b>Causas internas do desempeño relativo:</b> (reflexións acerca das causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)</p> <p>Resulta difícil reflexionar sobre as causas internas que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro concreto da Facultade de Socioloxía neste ámbito específico, posto que os datos proporcionados pola UTC sobre a satisfacción do PAS refírense á UXAI-Elviña, polo que corresponden a un colectivo de PAS que está asignado a dúas facultades distintas: Socioloxía e Ciencias da Comunicación.</p> <p>Por outra banda, nos datos facilitados pola UTC sinálase que o número de PAS da UXAI-Elviña é de 4, cando na RPT figuran 11, polo que o número de persoas ás que se lle pasou a enquisa é inferior ao total. Ademais, o colectivo de PAS no centro non está composto só polos membros da UXAI, senón que habería que considerar tamén aos asignados á UADI, Biblioteca Intercentros e Decanato.</p> <p>Neste sentido, a Facultade de Socioloxía no seu SGIC ten previsto o seu propio sistema de indicadores. Nos que atinxen ao PAS para o curso 2013-14 medíuse a satisfacción coas tarefas realizadas (4,21) coas oportunidades para o desenvolvemento profesional facilitadas pola UDC (3,29), coas condicións laborais (3,79) e en xeral co traballo (4,14). Calculando unha media para as 14 enquisas respondidas o valor é de 3,86. Algo superior ao anterior, pero que permite matizar as causas da satisfacción/insatisfacción do persoal.</p> <p>Tendo en conta estas dificultades, unha análise detallada dos datos dispoñibles da enquisa de satisfacción do PAS, permite detectar os aspectos peor valorados no</p>			

desenvolvemento do traballo deste colectivo, entre os que destaca claramente o descontento co sistema de reparto de carga de traballo, seguido doutros factores como o feito de que a formación recibida e os recursos dispoñibles para o desenvolvemento do traballo non se consideran adecuados, que o organigrama non está claramente definido e que non se recoñecen adecuadamente as tarefas realizadas.

**Causas externas do desempeño relativo:** (reflexións acerca das causas externas - económicas, sociais, demográficas, tecnolóxicas- que obstaculizaron ou impulsaron o desempeño do centro neste ámbito específico)

En canto aos factores externos ao centro que poden haber incidido negativamente no valor obtido para este indicador, cabe mencionar que os datos foron obtidos precisamente no momento da integración das administracións das dúas titulacións nunha única UXAI, o que produciu unha situación de descontento pola necesidade de cambiar de postos para adaptarse a unha reorganización obrigatoria.

**Conclusión:** (valorar se o ámbito considerado constitúe unha debilidade ou unha fortaleza do centro; examinar a súa posible evolución e a necesidade de actuación para mellorar/preservar os resultados obtidos).

O resultado obtido para este ámbito pode considerarse como unha debilidade do centro.

É presumible que, na medida en que se produza o axuste á nova reorganización da unidade de administración integrada citada mais arriba, os resultados evolucionen positivamente no futuro.

En canto ás posibles accións para mellorar a satisfacción do colectivo do PAS, moitos dos aspectos non son asumibles desde o centro, posto que a definición dos postos de traballo ou o organigrama non dependen do centro, pero si se podería incidir nunha mellora do clima de traballo potenciando a comunicación entre os compoñentes do PAS e do PDI, especialmente o que desempeña cargos de xestión no centro, favorecendo o recoñecemento das tarefas realizadas. Ademais, solicitarase información sobre as necesidades de formación entre ou PAS para propor á xerencia a organización dos cursos correspondentes.



# **PE03-Anexo03. Cadro de obxectivos estratéxicos e indicadores**

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉGICA: DOCENCIA E APRENDIZAXE**

Objetivos estratégicos	Responsable	Indicadores del objetivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
1.- Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior	Vicedecano de organización académica	DA1.1	0,29	0,29	>0,3
		DA1.2	0,22	0,22	<0,15
		DA1.3	93,84%	>80%	>80%
		DA1.4	0,88	0,88	> 0,9
		DA1.5	5,22	5,22	>6/7
		DA1.6	0,22	0,23	0,6
		DA1.7	0,1	0,2	1
2.- Atención á empregabilidade e ao emprendemento	Vicedecano de mobilidade	DA2.2	10%	10%	15%
3.- Oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno	Vicedecano de ord. académica	DA3.3	79 (2012-13) 92 (2013-14)	Manter	Manter
		DA3.4	42	Aumentar	Aumentar

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉGICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA**

Objetivos estratégicos	Responsable	Indicadores del objetivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
1- Unha produción científica de calidade	Decano e Director do Departamento de Socioloxía e C.P.	INV1.1 Produtividade científica	0,036 (2012) y 0,04 (2013)	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores
		INV1.2 Producción científica	2011=2 ; 2012=3 ; 2013=1 (procura propia:Biblioteca)	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores
		INV1.3 Calidade da produción	2011=3 ; 2012=6 ; 2013=2 (procura propia: Biblioteca)	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores
		INV1.5 Sexenios	0,31 (2012) y 0,33 (2013)	0,33	> valor anos anteriores
		INV1.6 Doutoramento	0	0	0-1
		INV1.7 Calidade das teses de doutoramento	0 (2012) ; 0,33 (2013)	> valor anos anteriores	> valor anos anteriores
2- Incrementar a colaboración coas empresas...					
3- Internacionalizar a investigación e a transferencia	Decano e Director do Departamento de Socioloxía e C.P.	INV3.1 Proxectos competitivos	11.373€	= 2013	Valor 2013 + 10%
		INV3.4 Doutoramento Internacional	2 (2013)	= 2013	Valor 2013
		INV3.5 Estadías	0,49 (2012) y 0,43 (2013)	= valor anos anteriores	= valor anos anteriores

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉGICA: RESPONSABILIDADE SOCIAL**

Objetivos estratégicos	Responsable	Indicadores del objetivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
1. Unha Universidade que impulsa o cambio social					
2.- Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación					
3.- Unha universidade responsable do seu impacto ambiental	Decano	RS3.1	1	>0,28	1. Xa existe
		RS3.4	4.981,7 kWh/ empregado ou 30,97 kWh/m2 edificado	Manter	Reducir

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉXICA: INTERNACIONALIZACIÓN**

Objetivos estratégicos	Responsable	Indicadores del objetivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
1.- Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais	Decano	INT1.1	0	0	1
		INT1.2	1	1	2
		INT1.3	9%	9%	9%
2.- Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais	Vice decano de mobilidade	INT2.1	15%	15%	15%
		INT2.3	2 (6 %)	2 (6 %)	4 (12 %)
3.- Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria	Vicedecano de ordenación académica	INT3.1	4,61%	4,61%	5,5%



**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉXICA: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS**

Objetivos estratégicos	Responsable	Indicadores del objetivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
2.- Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos	Decano	FIN2.4	5	5	<5
3.- Unha comunidade identificada coa institución	Decano/	FIN3.1	6,19	> 6	> 6
	Vicedecano de Calidade	FIN3.2	3,3 / 3,9	4	> 4

# **PLANOS DE MELLORA**

# **ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE**

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>	
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior

<b>Plan de mellora: Graduación</b>	
Denominación da proposta	Estudo e posible reforma do Procedemento do TFG
Puntos débiles detectados	Un porcentaxe significativo de estudantes tardan máis do necesario en defender o TFG (17% na primeira promoción, 16% na segunda)
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vicedecano de organización académica
Obxectivos específicos	Aumentar a proporción de estudantes matriculados no TFG que se presentan dentro dos prazos normais
Actuacións a desenvolver	Crear unha Comisión da Xunta de Facultade que estude o tema e que presente, de ser o caso, unha reforma do Procedemento que permita acadar o obxectivo
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios
Indicadores de execución	DA1.1 Graduación
Observacións:	

**ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE****Obxectivo estratéxico 1**

Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior

**Plan de mellora: Mellorar a selección de alumnado**

Denominación da proposta

Plan Coñece a Socioloxía

Puntos débiles detectados

Elevada proporción de estudantes que abandonan a carreira en 2º curso

Ámbito de aplicación

Facultade de Socioloxía

Responsable da súa aplicación

Vicedecano de organización académica

Obxectivos específicos

Mellorar o atractivo do título  
Mellorar o coñecemento do título para os estudantes que se matriculan por primeira vez  
Aumentar a proporción de alumnado que desexa cursar a carreira de Socioloxía

Actuacións a desenvolver

Acadar acordos con outras Facultades para conformar táboas de recoñecementos de créditos entre Socioloxía e outras titulacións  
Mellora da información da web da Facultade para os posibles demandantes  
Elaboración de material audiovisual de difusión dos estudos e da profesión

Período de execución

Cursos 2014/2020

Recursos/financiamento

Propios. Buscarase o apoio do Reitorado

Indicadores de execución

DA1.2 Abandono

Observacións: Este plan complementábase co referido á visibilidade da Facultade e coa integración dela no seu entorno social. Tamén co que se refire á motivación.

**ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE****Obxectivo estratéxico 1**

Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior

**Plan de mellora: Eficiencia**

Denominación da proposta

Mantendo a Eficiencia

Puntos débiles detectados

É unha fortaleza.

Ámbito de aplicación

Facultade de Socioloxía

Responsable da súa aplicación

Vicedecano de organización académica

Obxectivos específicos

Tratar de manter a eficiencia acadada

Actuacións a desenvolver

Manter e mellorar as actuacións xa implementadas de:

- Enquisa permanente para mellora do Plano de Estudos
- Enquisa permanente para detectar duplicidades no Plano de Estudos
- Procedemento de coordinación docente por cuatrimestre

Incorporar unha coordinación docente por módulos que facilite a comunicación entre os docentes que comparten materias do mesmo módulo, que resolva os problemas de duplicidade e que mellore a eficiencia docente

Período de execución

Cursos 2014/2020

Recursos/financiamento

Propios.

Indicadores de execución

DA1.3 Eficiencia

Observacións:

**ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE****Obxectivo estratéxico 1**

Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior

**Plan de mellora: Éxito**

Denominación da proposta

Mantendo o Éxito

Puntos débiles detectados

É unha fortaleza.

Ámbito de aplicación

Facultade de Socioloxía

Responsable da súa aplicación

Vicedecano de organización académica

Obxectivos específicos

Tratar de manter o éxito acadado

Actuacións a desenvolver

Manter e mellorar as actuacións xa implementadas de:

- Sesión informativa das optativas de 4º curso
- Estructuración temática do PAT
- Institucionalizar as titorías colectivas

Detectar as materias que presentan mais dificultade e coñecer as causas

Avaliar o sistema de titorización individual do PAT e melloralo, de ser o caso, como ferramenta docente

Período de execución

Cursos 2014/2020

Recursos/financiamento

Propios.

Indicadores de execución

DA1.4 Éxito

Observacións:

**ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE****Obxectivo estratéxico 1**

Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do EEES

**Plan de mellora: Aumentar a motivación**

Denominación da proposta	Aumentar a motivación
Puntos débiles detectados	A motivación dos estudantes non é baixa, pero cómpre aumentar a identificación do estudiantado coa titulación
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vicedecano de organización académica
Obxectivos específicos	Aumentar a identificación do estudiantado cos estudos de socioloxía Dar a coñecer a utilidade e a potencialidade da socioloxía Que os estudantes coñezan a investigación sociolóxica (tanto a académica que fai o PDI como a que se desenvolve no mercado)
Actuacións a desenvolver	Elaborar unha ficha técnica da investigación e publicacións do profesorado. Pasala ao PDI ao final do curso académico ou ano Celebración dunhas xornadas (ben ao longo do curso, ben concentradas nunha semana) nas que o PDI dé a coñecer (a través de conferencias, charlas, mesas redondas, etc.) os resultados das investigaciónns dos investigadores/as e grupos Celebración dun ciclo de encontros con profesionais da socioloxía que informen da súa actividade e dialoguen co estudiantado e profesorado Planificación das anteriores con tempo para a súa difusión Establecer unhas horas á semana no horario do curso para que se poda asistir a estas actividades
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios/ Os destinados pola UdC
Indicadores de execución	DA1.5 Motivación
<b>Observacións:</b> Na medida que se consiga visibilizar a Facultade nos medios e se faga chegar aos institutos a información das actividades que podan resultar interesantes aos estudantes de bacharelato, incidirase nos eidos de Abandono e Novos ingresos	



<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>	
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior

<b>Plan de mellora: Participación na avaliación</b>	
Denominación da proposta	Aumento da participación na avaliación
Puntos débiles detectados	A participación actual non é baixa, pero o obxectivo 2020 obriga a facer un esforzo nese sentido
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vicedecano de calidade
Obxectivos específicos	Acadar un aumento continuado da participación do estudiantado nos procesos de avaliación
Actuacións a desenvolver	Realizar intervencións nas aulas en cada grupo para insistir na necesidade de realizaren a avaliación Incluir este tema na axenda do PAT, das titorías colectivas e en calquera espazo no que se considere oportuno
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios.
Indicadores de execución	DA1.6 Participación na avaliación
Observacións:	

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>	
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior

<b>Plan de mellora: Avaliación docente</b>	
Denominación da proposta	Aumento da participación na avaliación docente
Puntos débiles detectados	A participación actual é moi baixa
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vicedecano de calidade
Obxectivos específicos	Acadar un aumento continuado da participación do PDI nos procesos de avaliación docente Acadar un mínimo do 20% de profesorado con máxima valoración
Actuacións a desenvolver	Concienciar ao PDI na necesidade da avaliación docente
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios.
Indicadores de execución	DA1.7 Participación na avaliación docente
Observacións:	

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>	
<b>Obxectivo estratéxico 3</b>	Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno

<b>Plan de mellora: Consolidación dos novos ingresos (grao)</b>	
Denominación da proposta	Novos ingresos máis interesados no título
Puntos débiles detectados	É unha fortaleza. Trátase de mantela cuantitativamente e melloralala cualitativamente
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vicedecano de organización académica
Obxectivos específicos	Manter o número de novas matrículas en primeiro curso Que aumente a proporción de estudantes interesados na socioloxía como primeira opción
Actuacións a desenvolver	Tentar de acadar vínculos con outros estudos de socioloxía no ámbito internacional Se fora posible, creación de programas de simultaneidade de estudos con outras titulacións afíns Conformar táboas de recoñecemento de créditos cos estudos afíns Publicitar ben os vínculos con outras titulacións No que se refire á difusión dos estudos entre estudantes de bacharelato, cómpre elaborar material audiovisual que resuma a potencialidade dos estudos de socioloxía e os faga atractivos Difundir entre os institutos toda actividade de extensión universitaria desenvolvida na Facultade
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios.
Indicadores de execución	DA3.3 Novo ingreso (grao)
Observacións:	

<b>ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE</b>	
<b>Obxectivo estratéxico 3</b>	Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno

<b>Plan de mellora: Consolidación dos novos ingresos (mestrado)</b>	
Denominación da proposta	Aumentar os novos ingresos nos mestrados
Puntos débiles detectados	Un dos mestrados desaparece por falta de demanda. Outro manténse polo seu carácter internacional. O terceiro non ten problemas
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vicedecano de organización académica
Obxectivos específicos	Crear un novo mestrado axeitado á demanda Incrementar o número de novas matrículas no conxunto dos mestrados
Actuacións a desenvolver	Establecer unha coordinación estable entre as direccións dos mestrados e a Facultade Tentar de acadar vínculos con outros estudos de socioloxía no ámbito internacional Se fora posible, creación de programas de simultaneidade de estudos con outras titulacións afíns Conformar táboas de recoñecemento de créditos cos estudos afíns Publicitar ben os vínculos con outras titulacións Difusión dos estudos entre estudantes doutros centros e doutras universidades
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios.
Indicadores de execución	DA3.4 Novo ingreso (posgrao)
Observacións:	

## **ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA**

<b>ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA</b>	
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	Unha produción científica de calidade
<b>Plan de mellora: Mellora das condicións de investigación</b>	
Denominación da proposta	Mellora da investigación
Puntos débiles detectados	Incompatibilidade das tarefas docentes e administrativas co desenvolvemento de tarefas de investigación. Baixo número de publicacións en revistas de impacto.
Ámbito de aplicación	Facultade e Departamento do Centro
Responsable da súa aplicación	Decano e Director do Departamento do Centro
Obxectivos específicos	Lograr que os PDI investigadores poidan reducir o seu desempeño docente e conseguir postos de PAS que colaboren nas tarefas administrativas dos grupos de investigación. Crear unha cultura crítica entre a comunidade da facultade que axude a acadar un nivel de excelencia científica. Aumentar o número de publicacións en revistas de impacto
Actuacións a desenvolver	Programar encontros e reunións académicas entre os membros da comunidade da Facultade (nomeadamente o PDI) onde se poñan en común e se discutan os traballos de investigación co fin de que cheguen ao proceso de avaliación nas mellores condicións para a súa publicación. Reunións cos órganos académicos da UDC relacionados con Investigación ; con Profesorado y con Calidade. Establecer, xunto co persoal da biblioteca, dunhas pautas a seguir (formais, de estilo, estrutura, etc.) no momento de enviar os artigos a revisión de xeito que vaian coas maiores garantías.
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios/ Buscaranse recursos alleos
Indicadores de execución	INV1.1 Productividade científica / INV1.2 Producción científica / NV1.3 Calidade da produción /INV1.5 Sexenios / INV1.7 Calidade das teses de doutoramento INV3.1 Proxectos competitivos / INV3.5 Estadías
Observacións	

**ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA****Obxectivo estratéxico 1**

Unha produción científica de calidade

**Plan de mellora: Creación dun Programa de Doutoramento**

Denominación da proposta	Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento
Puntos débiles detectados	Non hai un programa de doutoramento. Necesidade de terminar a oferta de estudos académicos de terceiro grado.
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Decano e Director do Departamento do centro
Obxectivos específicos	Establecer un programa de Doutoramento Doble con outro/s centros da UDC ou doutras universidades. Conseguir a mención de calidade.
Actuacións a desenvolver	Reunións cos órganos académicos doutros centros da UDC ou doutras universidades. Establecemento de programas de homologación de materias dos plans de estudo dos centros interesadas. Promover e facilitar a firma de convenios internacionais con universidades de prestixio. Favorecer a mobilidade dos estudantes de doutoramento.
Período de execución	Cursos 2016/2020
Recursos/financiamento	Propios/ Buscaranse recursos alleos
Indicadores de execución	INV1.6 Doutoramento INV1.7 Calidade das teses de doutoramento INV3.4 Doutoramento internacional
Observacións	

**ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA****Obxectivo estratéxico 3****Internacionalizar a investigación e a transferencia****Plan de mellora: Apoio aos equipos de investigación**

Denominación da proposta	Visibilización da investigación
Puntos débiles detectados	Debilidade na difusión dos resultados dos proxectos de investigación. Debilidade na conexión da investigación coa sociedade civil e co mercado. Incerteza sobre o nivel de ingresos por proxectos competitivos no futuro.
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Decano e Director do Departamento do centro
Obxectivos específicos	Apoiar a consecución de proxectos competitivos nacionais e internacionais. Apoio nas tarefas de contacto cos organismos nacionais e internacionais que promoven devanditos proxectos. Apoio nas tarefas de xestión económica dos proxectos. Apoio nas tarefas de xestión administrativa dos proxectos.. Favorecer as estadías internacionais do PDI do Centro
Actuacións a desenvolver	Reunións cos órganos académicos da UDC relacionados con Investigación ; con Profesorado ; con Calidade y con a Xerencia. Colaborar coa Asociación Galega de Socioloxía na organización dun Congreso Internacional. Elaborar unha ficha técnica da investigación e publicacións do profesorado, que teñan que cubrir a final de ano. Celebrar anualmente unhas Xornadas nas que os PDI dean a coñecer os resultados das súas investigacións (coa concorrencia de medios de comunicación). Fomentar as estadías no estranxeiro vinculadas aos proxectos de investigación Elaboración de material impreso actualizado coas liñas de traballo máis salientables dos grupos de investigación en inglés.



Período de ejecución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios/ Buscaranse recursos alleos
Indicadores de ejecución	INV3.1 Proxectos competitivos INV3.2 Proxectos internacionais INV3.5 Estadías
Observacións	

**ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA****Obxectivo estratéxico 3****Internacionalizar a investigación e a transferencia****Plan de mellora: Internacionalización do programa de doctoramento**

Denominación da proposta	Internacionalización do programa de doctorado
Puntos débiles detectados	Mellóra da calidade do programa de doctorado e o aumento dos doctorandos requiren a internacionalización do mesmo
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Establecer un programa de Doctorado Internacional con outra/s universidades europeas
Actuacións a desenvolver	Reunións cos órganos académicos de centros de Socioloxía doutras universidades europeas. Establecemento de programas de homologación de materias dos plans de estudo das universidades interesadas.
Período de execución	Cursos 2016/2020
Recursos/financiamento	Propios/ Buscaranse recursos alleos
Indicadores de execución	INV3.4 Doutoramento internacional
Observacións	

## **ÁREA 3: RESPONSABILIDADE SOCIAL**

**ÁREA 3: RESPONSABILIDADE SOCIAL****Obxectivo estratéxico 3**

Unha Universidade responsable do seu impacto ambiental

**Plan de mellora: Mellora da eficiencia enerxética**

Denominación da proposta	Reducción do consumo eléctrico
Puntos débiles detectados	Aínda que a Facultade acadou moi bos resultados neste indicador, pode mellorarse e reducir o alto consumo en iluminación
Ámbito de aplicación	Edificio da Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Reducir o consumo de electricidade
Actuacións a desenvolver	Cambio de lámpadas tradicionais por baixo consumo e colocación de sistemas de detección de volume para encendido/apagado.
Período de execución	2014 - 2015
Recursos/financiamento	Para a instalación de detectores presenciais en corredores é necesario (segundo orzamentos facilitados por provedor) 8.000 € por andar (dous andares), podéndose acometer a execución dun andar por ano.
Indicadores de execución	RS3.4. (Enerxía)
Observacións	Para o resto do plan de mellora, debería establecerse unha programación anual até 2020, que permitira acadar a substitución de todo o antigo sistema de alumado (zonas comúns, aulas e despachos) de forma progresiva en anualidades sucesivas.

## **ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN**

**ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN****Obxectivo estratéxico 1**

Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais

**Plan de mellora: Titulacións en inglés**

Denominación da proposta	Programa de docencia en inglés
Puntos débiles detectados	Non existe tal programa, e os intentos para desenvolve-lo no pasado non deron froito
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vice decano de ordenación académica
Obxectivos específicos	Establecer programas de docencia en inglés nun grupo de materias no Grao e/ou nalgún Master, a ser posible sen necesidade de reformar o plan de estudos
Actuacións a desenvolver	Reunións dos órganos académicos e do colectivo do profesorado con vistas a elaborar o devandito plan. Reunión coa ORI para coñecer a posible demanda Creación de materiais de apoio
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios. Buscarase o apoio do Reitorado
Indicadores de execución	INT1.1 Internacionalización
Observacións	

**ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN****Obxectivo estratéxico 1**

Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais

**Plan de mellora: Titulacións internacionais**

Denominación da proposta	Grao Internacional e/ou 2º Master Internacional en Socioloxía
Puntos débiles detectados	Non existe titulación internacional conxunta ou dobre no Grao. Os intentos desenvolto cun conxunto de universidades europeas non deron os resultados apetecidos ata agora.
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Establecer un programa de Grao e/ou Master Internacional con outra/s universidades europeas
Actuacións a desenvolver	Reunións cos órganos académicos de centros de Socioloxía doutras universidades españolas e europeas. Establecemento de programas de homologación de materias e recoñecemento de créditos dos plans de estudo das universidades interesadas.
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios/ Buscaranse recursos alleos
Indicadores de execución	INT1.2 Titulacións conxuntas.
Observacións	

**ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN****Obxectivo estratéxico 1**

Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais

**Plan de mellora: Alumnos estranxeiros**

Denominación da proposta	Captación de alumnos estranxeiros
Puntos débiles detectados	Aínda tendo asinado convenios con 40 universidades, rendibilizamos unha porcentaxe menor.
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vice decano de mobilidade
Obxectivos específicos	Rendibilizar os vínculos coas universidades que xa nos envían alumnos todos os anos. Recibir alumnos daquelas universidades que non os envían, aínda que sí reciben os nosos.
Actuacións a desenvolver	Aproveitar o previsto establecemento de programas de docencia en inglés para captar alumnos estranxeiros. Mellorar a información aportada as universidades coas que temos establecido convenios
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios/relativos ao Programa Erasmus+
Indicadores de execución	INT1.3 Alumnos estranxeiros
Observacións	



**ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN****Obxectivo estratéxico 2**

Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais

**Plan de mellora: Mobilidade académica**

Denominación da proposta	Incrementar a mobilidade académica de alumnos entrantes e saíntes.
Puntos débiles detectados	Aínda tendo asinado convenios con 40 universidades, rendibilizamos menos da metade.
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vice decano de mobilidade
Obxectivos específicos	Rendibilizar os vínculos coas universidades que xa nos envían alumnos todos os anos. Recibir alumnos daquelas universidades que non os envían, aínda que si reciben os nosos. Consolidar o número de alumnos que xa enviamos
Actuacións a desenvolver	Intensificar o programa de información entre os alumnos propios, en particular respecto da necesidade de cubrir os requisitos lingüísticos e académicos.
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios/relativos ao Programa Erasmus+
Indicadores de execución	INT2.1 Mobilidade académica
Observacións	

**ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN****Obxectivo estratéxico 2**

Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais

**Plan de mellora: Mobilidade persoal**

Denominación da proposta	Incremento da mobilidade do persoal
Puntos débiles detectados	Os PDI e PAS que marchan non son moitos, e apenas unha minoría faino aproveitando as posibilidades do Programa Erasmus +
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vice decano de mobilidade
Obxectivos específicos	Incrementar o número de PDI e PAS que marchan todos os anos e animar a que o fagan aproveitando o Programa Erasmus +
Actuacións a desenvolver	Política de información e promoción acerca do Programa Erasmus+
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios/Relativos ao Programa Erasmus + Buscarase a colaboración da ORI
Indicadores de execución	INT2.3 Mobilidade persoal
Observacións	

<b>ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN</b>	
<b>Obxectivo estratéxico 3</b>	Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria

<b>Plan de mellora: Competencias lingüísticas</b>	
Denominación da proposta	Mellorar as competencias lingüísticas de alumnos e profesores
Puntos débiles detectados	Aínda que as nosas cifras son máis altas que a media da UDC, están por baixo dos requisitos mínimos que están a implantarse.
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vice decano de ordenación académica
Obxectivos específicos	Incremento das competencias lingüísticas, cun horizonte B1-B2, non so en inglés mais tamén en italiano, portugués e francés.
Actuacións a desenvolver	Programas de información/promoción dirixidas aos distintos colectivos
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios/Buscarase a colaboración da ORI e do Centro de Linguas.
Indicadores de execución	INT3.1 Competencias lingüísticas
Observacións	

## **ÁREA 5: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS**

**ÁREA 5: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS****Obxectivo estratéxico 2**

Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos

**Plan de mellora: Tramitación documentos económicos**

Denominación da proposta	Mellora na tramitación de documentos económicos
Puntos débiles detectados	O valor do indicador está por moi baixo da media da UDC, o que, neste caso concreto, é un punto forte
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Manter o valor do indicador en 2015 e intentar diminuílo para 2020
Actuacións a desenvolver	Adiantar a tramitación das facturas Elaboración dun documento pauta para repartir ao PDI Recomendar ao PDI que consulte co negociado de asuntos económicos o sistema de tramitación de pagos con anterioridade á execución do gasto
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios.
Indicadores de execución	FIN2.4 (Centros) Procedementos.
Observacións	

**ÁREA 5: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS****Obxectivo estratéxico 3**

Unha comunidade identificada coa institución

**Plan de mellora: Satisfacción PDI**

Denominación da proposta	Mellorar a satisfacción do PDI
Puntos débiles detectados	O indicador sitúase lixeiramente por baixo da media da UDC
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vicedecano de Calidade
Obxectivos específicos	Mellorar a coordinación do profesorado das titulacións Incrementar a asistencia a tutorías do estudiantado Mellorar a comunicación do estudiantado e o profesorado en relación co proceso de avaliación. Incrementar a participación do PDI nas enquisas de satisfacción
Actuacións a desenvolver	Establecer un sistema permanente de coordinación do profesorado Publicitar entre o estudiantado, especialmente entre o de novo ingreso, a utilidade das tutorías e de manter unha comunicación habitual co profesorado en relación co proceso de avaliación Fomentar a participación do PDI nas enquisas de satisfacción
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios.
Indicadores de execución	FIN3.1 Satisfacción PDI.
Observacións	

**ÁREA 5: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS****Obxectivo estratéxico 3**

Unha comunidade identificada coa institución

**Plan de mellora: Clima de traballo PAS**

Denominación da proposta	Mellora do clima de traballo do PAS
Puntos débiles detectados	Baixa satisfacción do PAS
Ámbito de aplicación	Facultade de Socioloxía
Responsable da súa aplicación	Vicedecano de Calidade
Obxectivos específicos	Incrementar a satisfacción do PAS
Actuacións a desenvolver	Aumentar a comunicación entre os compoñentes do PAS e do PDI Recoller información sobre as necesidades de formación do PAS para propor á xerencia a organización dos cursos correspondentes
Período de execución	Cursos 2014/2020
Recursos/financiamento	Propios.
Indicadores de execución	FIN3.2 Satisfacción PAS.
Observacións:	





## **PE03-Anexo04. CADRO OPERATIVO**

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉXICA: DOCENCIA E APRENDIZAXE**

<b>Objetivos estratégicos</b>	<b>Planes de mejora</b>	<b>Responsable</b>	<b>Calendario</b>	<b>Grado de cumplimiento</b>
1.- Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior	Graduación	Vicedecano de organización académica	2014-2020	
	Mellorar a selección de alumnado	Vicedecano de organización académica	2014-2020	
	Eficiencia	Vicedecano de organización académica	2014-2020	
	Éxito	Vicedecano de organización académica	2014-2020	
	Aumentar a motivación	Vicedecano de organización académica	2014-2020	
	Participación na avaliación	Vicedecano de calidade	2014-2020	
	Participación na avaliación docente	Vicedecano de calidade	2014-2020	
2.- Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados	Prácticas	Prácticas	2014-2020	
3.- Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno	Consolidación dos novos ingresos (grao)	Vicedecano de organización académica	2014-2020	
	Consolidación dos novos ingresos (mestrado)	Vicedecano de organización académica	2014-2020	

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉXICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA**

Objetivos estratégicos	Planes de mejora	Responsable	Calendario	Grado de cumplimiento
1- Unha produción científica de calidade				
	Mellora das condicións de investigación	Decano ou Director do Departamento	2014-2020	
	Creación dun Programa de Doutoramento	Decano ou Director do Departamento	2014-2016	
2- Incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento				
3- Internacionalizar a investigación e a transferencia	Apoio aos equipos de investigación	Decano ou Director do Departamento	2014-2020	
	Internacionalización do programa de doctorado	Director do Departamento	2016-2020	

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉXICA: RESPONSABILIDADE SOCIAL**

Objetivos estratégicos	Planes de mejora	Responsable	Calendario	Grado de cumplimiento
1. Unha Universidade que impulsa o cambio social				
2. Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación				
3.- Unha universidade responsable do seu impacto ambiental	Mellora da eficiencia enerxética	Decano	2014-2020	

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉXICA: INTERNACIONALIZACIÓN**

Objetivos estratégicos	Planes de mejora	Responsable	Calendario	Grado de cumplimiento
1.- Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais	Titulacións en inglés	Vice decano de ordenación académica	2014-2020	
	Titulacións conxuntas	Decano	2014-2020	
	Alumnos estranxeiros	Responsable de programas mobilidade	2014-2020	
2.- Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais	Mobilidade académica	Responsable de programas mobilidade	2014-2020	
	Mobilidade persoal	Responsable de programas mobilidade	2014-2020	
3.- Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria	Competencias lingüísticas	Vice decano de ordenación académica	2014-2020	

**CENTRO: FACULTADE DE SOCIOLOXIA**

**Curso académico: 2013-2014**

**ÁREA ESTRATÉXICA: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS**

Objetivos estratégicos	Planes de mejora	Responsable	Calendario	Grado de cumplimiento
1.- Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos	Mellora na tramitación de documentos económicos	Decano	2014-2020	
2.- Unha comunidade identificada coa institución	Satisfacción do PDI	Vicedecano de calidade	2014-2020	
	Mellora do clima de traballo do PAS	Decano	2014-2020	